

publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.

### 15.2. Falta de toma de posesión.

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.

### 15.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato...”

Tendo en conta que, ao respecto da aspirante seleccionada para ser nomeada, ditouse Resolución da Alcaldía en data 26 de novembro, acordando suspender o prazo de presentación da documentación establecida na base xeral 15.1, por concorrencia de causa de forza maior, ao respecto da aspirante D<sup>a</sup>. Diana María Rodríguez Rodríguez, quedando en consecuencia suspendido o prazo para o seu nomeamento e posterior toma de posesión en tanto conorra a causa de suspensión. Comprobada a concorrencia da causa de suspensión dende o inicio do prazo de presentación da documentación, este prazo reiniciarase na súa totalidade no momento no que deixe de concorrer a causa que motivou a suspensión, comezando nese momento o cómputo do prazo de 20 días hábiles previsto na base xeral 15.1.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

## RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Realizar o nomeamento referente a esta praza unha vez reiniciado o prazo suspendido de presentación da documentación establecida na base xeral 15.1 por concorrencia de causa de forza maior, ao respecto da aspirante D<sup>a</sup>. Diana María Rodríguez Rodríguez e presentada pola aspirante seleccionada a totalidade da documentación prevista na referida base. En caso de que unha vez reanudado o prazo non se presente a referida documentación, deberá seguirse a tramitación establecida na base xeral 15.4, ao respecto desa praza vacante.

**SEGUNDO.-** Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución á interesada, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 13 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 4048

## Anuncio

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Proposta do Tribunal e a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal, dos procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “**TECNICO/A DE ADMINISTRACION XERAL, DIRECTOR/A DO DEPARTAMENTO**”, funcionario de carreira, contemplando segundo as calificacións obtidas por cada un dos/as aspirantes, a seguinte orde de puntuación:

<b>ORDE</b>	<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>TOTAL PUNTUACIÓN</b>
1	BALSEIRO FERNÁNDEZ JAVIER	50,000
2	SALGADO SANFIZ ALBERTO	20,000
3	VILAS FERNÁNDEZ ANA BELÉN	20,000
4	INFANTE BALTAR MÓNICA	18,400
5	RELLO LÓPEZ OSCAR	17,000
6	RIVEIRO ÁLVAREZ RAFAEL	7,200
7	ESCOURIDO GARCÍA IRIS	0,000
8	PIÑON CASTRO VICENTE	0,000

Con base nas prazas convocadas e na orde de puntuación obtida, estableceuse a seguinte orde de aspirantes non seleccionados:

<b>ORDE</b>	<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>TOTAL PUNTUACIÓN</b>
1	SALGADO SANFIZ ALBERTO	20,000
2	VILAS FERNÁNDEZ ANA BELÉN	20,000
3	INFANTE BALTAR MÓNICA	18,400
5	RELLO LÓPEZ OSCAR	17,000
6	RIVEIRO ÁLVAREZ RAFAEL	7,200
7	ESCOURIDO GARCÍA IRIS	0,000
8	PIÑON CASTRO VICENTE	0,000

Tramitado o proceso selectivo ata a súa conclusión, co nomeamento de D. Javier Balseiro Fernández, como funcionario de carreira para ocupar en propiedade a praza vacante de “**TECNICO/A DE ADMINISTRACION XERAL, DIRECTOR/A DO DEPARTAMENTO**”, e resoltos os recursos interpostos contra a Resolución da Alcaldía de aceptación da proposta do tribunal, non afectando a resolución dos recursos interpostos á resolución do proceso no que atinxe aos aspirantes seleccionados, pero si á orde de aspirantes non seleccionados que compoñen a lista de emprego, que resulta modificada, polo que se publica a modificación da orde de aspirantes non seleccionados que conforman a lista de emprego, conforme ao resultado da orde da lista de emprego derivado da estimación de recurso, de conformidade co disposto no base xeral 14.4 e 14.5, quedando os aspirantes non seleccionados na seguinte orde:

<b>ORDE</b>	<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>TOTAL PUNTUACIÓN</b>
1	RELLO LÓPEZ OSCAR	20,000
2	SALGADO SANFIZ ALBERTO	20,000
3	VILAS FERNÁNDEZ ANA BELÉN	20,000
4	INFANTE BALTAR MÓNICA	18,400
5	RIVEIRO ÁLVAREZ RAFAEL	7,200
6	ESCOURIDO GARCÍA IRIS	0,000
7	PIÑON CASTRO VICENTE	0,000

Viveiro, 13 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 4049